OUTONO CULTURAL BERGONDO 2026

NA SENRA

E NO MOSTEIRO

Válidas para carné teatreir@*

Organiza:

QUÉ É O CARNÉ TEATREIR@?

Fai un tempo o Concello de Bergondo puxo en marcha a campaña "En Bergondo, mellor", que tiña como obxectivo o apoio ao comercio local.

Unha das accións enmarcadas nesta campaña consiste na entrega de bonos para promocionar a compra no comercio local entre os nosos veciños.

EN QUE CONSISTE?

Trátase dun carné para as actuacións teatrais, musicais, de monicreques,etc. que se organicen dende o concello de Bergondo. En cada actuación, o persoal do concello colocará un selo no teu carné, confirmando a asistencia ao evento.

Unha vez se xunten 4 selos, dará dereito a un bono por importe de 15€ para realizar compras nos establecementos adheridos á campaña "En Bergondo, mellor".

A QUEN VAI DIRIXIDO?

Persoas maiores de 18 anos, empadroadas no concello de Bergondo.
Entregarase un carné por unidade familiar.

COMO E ONDE O SOLICITO?

Por enderezo electrónico a cultura.deportes@bergondo.gal ou por teléfono no 981 791 252 (ext.7) indicando os teus datos persoais e DNI.

Entregarase na actuación que asistas, recibindo o primeiro dos selos.

É importante solicitar o carné dous días antes da actuación.

CANDO CONSIGO O BONO?

Cando xuntes 4 selos no teu carné de teatreir@, deberás poñerte en contacto co departamento de cultura solicitando o bono correspondente.

Dende o departamento de cultura, comunicarase o día de recollida do bono. Para recollelo deberás entregar o teu carné de teatreir@.

ATA CANDO PODO FACER USO DO BONO?

Os bonos teñen unha caducidade de 3 meses.

PODO SOLICITAR MÁIS DUN CARNÉ?

Si. Así que consigas o bono, poderás volver a solicitar outro carné teatreir@.

BERENGUELA NA GAIOLA

SÁBADO, 12 DE SETEMBRO, ÁS 18:00
AUDITORIO DA SENRA

Representando "aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela", de Manuel María, tres anciás, que están nunha residencia para a terceira idade, atoparán a liberdade que cren perdida, e a posibilidade de cambiar o mundo.

NA LÍRICA DA EMOCIÓN
A QUENLLA

SÁBADO, 26 DE SETEMBRO, ÁS 19:00
MOSTEIRO

A Quenlla créase, no ano de 1984,por dous membros fundadores e escindidos do grupo Fuxan Os Ventos, que deixaran no ano 82. Ao longo da súa traxectoria de concertos e gravacións, con distintas formacións evolutivas, contan con traballos levados a cabo para a dinamización da cultura tradicional e de autor dos vieiros da nosa música. Ao longo dos anos, foron moitos os concertos, charlas didácticas e encontros levados adiante por un grupo de mulleres e homes que tiñan a teima da concienciación social na honra e orgullos do Noso.

90 MIN.

A QUENLLA

MÚSICA FOLK

TODOS OS PÚBLICOS

COMEDIA- PISCORE

SÁBADO, 17 DE OUTUBRO, ÁS 18:00
AUDITORIO DA SENRA

ComedIA é o novo espectáculo da compañía galega de teatro musical e humor Píscore.
O soño de conquistar o espazo non naceu coa tecnoloxía moderna: é unha pulsión antiga, unha mestura de curiosidade, ambición e aventura. Primeiro foron os telescopios, despois as grandes misións espaciais e agora o turismo polas estrelas. Pero queremos ir máis alá. Ata o infinito e máis alá!

50 MIN.

CULTURACTIVA PÍSCORE

TEATRO MUSICAL

TODOS OS PÚLICOS

REDE CULTURAL

CONTOS DE MEDO QUE DEIXAN DURMIR
CAXOTO (A TRASTENDA DOS CONTOS)

SÁBADO, 31 DE OUTUBRO, ÁS 18:00
MOSTEIRO

MOSTEIRO SAN SALVADOR BERGONDO
900 ANOS DE MEMORIA EN PEDRA

Galicia somos unha potencia na creación de contos do paranormal. Para iso soubemos dotarnos dun amplo elenco de sinistras personaxes que percorren pola noite os nosos camiños: A Santa Compaña, a Morte, o Sacaúntos, o Lobisome, os tronantes, as mouras... Neste espectáculo achegámonos á nosa esencia máis escura para peñerlle un chisco de luz e achegala as nenas e nenos de todas as idades sin que iso lles quite o sono. Un espectáculo para rirse do medo e deixarse levar o embruxamento das antigas lareiras e gozar dos contos de medo...que deixan durmir

50 MIN.

CAXOTO

CONTACONTOS

PÚBLICO FAMILIAR + 4 NOS

REDE CULTURAL

Deputación DA CORUÑA

KEILIN & VILARIÑO

SÁBADO, 7 DE NOVEMBRO, ÁS 19:00
MOSTEIRO

O grupo está integrado por Gregorio Keilin (violenchelista) e Hiwot Vilariño (pianista). Ambos son músicos que gardan unha estreita relación co arte conceptual. O concerto está composto de varias pezas de diferentes estilos, así como temas populares e modernos.

60 MIN.

KEILIN & VILARIÑO

MÚSICA

TODOS OS PÚBLICOS

GÜELA GÜELA- GALITOON

SÁBADO, 14 DE NOVEMBRO, ÁS 18:00
AUDITORIO DA SENRA

Basada na obra "Concerto das aves" de Frans Snydersm a solicitude do Museo Nacional do Prado.
Dende sempre a misión das cigüeñas foi levar os bebés aos brazos dos seus pais. Un día Güily , unha pequeña cigüeña decidiou que xa era maior para levar un bebé ata os seus pais; pero a negativa da comunidade das cigüeñas foi unánime ao ter o pico corto, as ás pequenas, e non poder seguir o ritmo do voo.

Así comeza esta aventura cargada de humor e música, que realza a importancia da amizade, solidaridade e familia.

45 MIN.

CULTURACTIVA PÍSCORE

MONICREQUES

PÚBLICO FAMILLIAR 1-6 ANOS

REDE CULTURAL
Deputación DA CORUÑA

SOPHIE NON É MEU NOME DE GUERRA- REDRUM

SÁBADO, 28 DE NOVEMBRO, ÁS 19:00

AUDITORIO DA SENRA



A de Sophie é unha das historias inspirada en feitos reais, pero é algo máis que a historia dunha persoa migrante. A viaxe de Sophie é unha viaxe polo desexo, pola dignidiade, pola consciencia da riqueza das culturas populares de África, polo documento reatralizado da violación e da trata das mulleres, das políticas migratorias burocratizadas de Europa e polas relacións familiares fiadas por silencios, medos e nangüeiras dunha vida plena e sincera. Sophie é unha muller que ama e quere ser amada, divertida e vital, ambigua e perigosa.

80 MIN.

REDRUM TEATRO

TEATRO

+ 14 ANOS

REDE CULTURAL

Deputación DA CORUÑA

O APALPADOR E AS PALABRAS PERDIDAS- A XANELA DO MAXÍN

SÁBADO, 12 DE DECEMBRO, ÁS 18:00

AUDITORIO DA SENRA



Ben sabido que O Apalpador baixa cada ano dende o Courel para traer castañas e agasallos e dende que coñeceu á nena sen medo, tamén palabras! Palabras en galego, mais algunhas van esquecéndose mesmo para el. Un retorno ao pasado faranos lembrar. Buscaremos, aroparemos e recuperaremos xoguetes e palabras que foron esquecidas.

45 MIN.

A XANELA DO MAXÍN

MONICREQUES

+ 3 ANOS

REDE CULTURAL
Deputación DA CORUÑA

LEMBRA COLABORAR

-Non precisas acceder ao auditorio con comida, os espectáculos non teñen unha gran duración.
-Se tiras cousas no chan queda sucio. Podes empregar as papeleiras.
-O son a a luz do móbil poden molestar ao público e aos artistas.
-Chega puntural para que as funcións comecen á hora prevista sen interrupcións.
-Se queres gravar ou fotografar algún espectáculo, recorda comentalo antes co persoal do concello.

Esta programación poderá sufrir modificacións, das cales se informará oportunamente a través da web bergondo.gal

O concello resérvase o dereito a realizar cambios na programación e normas de acceso.

NON ESQUEZAS CUÑAR O TEU CARNÉ TEATREIR@ AO REMATE DO ESPECTÁCULO!

CONCELLO DE Bergondo

FILOMENA DATO MURIAIS
ANO 2026
ALEJANDRO PÉREZ LUGÍN

MOSTEIRO SAN SALVADOR BERGONDO
900 ANOS DE MEMORIA EN PEDRA